

ANPE denuncia a falta total de previsión educativa para o curso 2020-2021

Cando gran parte das comunidades autónomas deste país presentaron xa os seus protocolos de funcionamento para o curso 20-21 en Galicia seguimos pendentes da súa negociación

O retraso na toma de decisións respecto ao curso 20-21 comeza a ser insostible: equipos directivos, familias e profesores descoñecen cómo vai ser a volta ás aulas en setembro, desde ANPE levamos máis dun mes solicitando a **creación dun grupo de traballo** para afrontar a volta ás aulas con garantías.

Para ANPE, a volta ás aulas no mes de setembro debe garantir todas as medidas preventivas fronte ao covid-19 e, á vez, ten que ser compatible co proceso de ensino-aprendizaxe.

Así mesmo, ANPE defende un modelo que garanta o máximo de horas presenciais posibles.

Para elo, a anunciada inversión en Educación debería destinarse a:

- **Deseñar un plan de remodelación dos centros educativos para adaptalos ás novas medidas preventivas:** dotar aos centros educativos de enfermeira escolar; prover de material de protección e hixiene; limpar e desinfectar varias veces ao día; distribuír os espazos para manter o distanciamento físico; xestionar os residuos no centro.
- **Reforzar e aumentar las plantillas docentes.** As medidas de distanciamento físico obrigan a baixar a ratio e a desdobrar as aulas, todo o contrario ao que se está facendo por parte das Xefaturas Territoriais ao intentar evitar por todos os medios os desdobres nos nosos centros e alentar á supresión do maior número posible de unidades. Por outro lado, hai que levar a cabo plans específicos de apoio e reforzo educativo co alumnado que no puido realizar un proceso de ensino-aprendizaxe axeitado do terceiro trimestre do curso 2019-20. Hai que substituír ao profesorado vulnerable ante o covid19 e prever unha xestión o máis áxil posible de todas as substitucións do profesores.
- **Un Plan de dixitalización:** dotar de recursos tecnolóxicos aos centros, alumnos e docentes; adaptar os currículos e levar a cabo os cambios metodolóxicos que permiten integrar a educación presencial e online. Este plan é necesario debido aos rebrotes que podan producirse e obriguen, outra vez, ao peche dos centros.

En consecuencia, ANPE alerta de que **o inicio de curso pode ser un caos organizativo**, porque os traballos preparatorios, que normalmente se fan en xullo, de organización de espazos, horarios de alumnos e profesores, ratios, etc, una vez coñecida a matrícula dos centros, están todos sen facer, para desesperación dos equipos directivos.

E o que é peor: neste período previo **cada día ha houbo unha instrución distinta que corrixe a anterior, o que xera caos e desconfianza. Nada resulta xa crible porque as razóns sanitarias son as mesmas e sen embargo modificáronse as medidas:**

- Pasamos de exixir 2 mts de distancia física a 1,5 mts y de aí ás aulas burbulla.
- Pasamos de prescribir uso obrigatorio de mascara para todos, a que agora os nenos de ata 4º de primaria non a necesitan porque para eles as aulas son burbullas de convivencia.
- Pasamos do ensino bimodal, presencial-distancia ao modelo só presencial.
- Pasamos de desdobrar as aulas, a establecer unha ratio primeiro de 15 alumnos, logo de 20 e agora xa de 25. **Este curso non se pode cerrar ni unha soa unidade nos nosos centros hai que DUPLICALAS**

Nada tranquilizador resulta tampouco falar de aulas como **“burbullas de convivencia”**: é algo irreal, xa que os nenos relaciónanse entre sí, cos seus profesores e coas súas familias, un factor exponencial que eleva a cifra de posibles contactos a 800 persoas para unha aula de 20 alumnos, segundo un estudo realizado pola Universidad de Granada.

As medidas preventivas sanitarias non admiten excepcións: os nenos non son inmunes, non o son as súas familias e tampouco os seus profesores, que por idade e enfermidades propias son un colectivo de especial vulnerabilidade e de elevada letalidade.

ANPE-GALICIA defende un ensino presencial, con condicións de inescusable cumprimento: todos a aula con máscara, distancia de seguridade e hixiene axeitada, test masivos para a poboación escolar e toma de temperatura ao entrar ao colexio. Pode facerse: faise con outros colectivos.

ANPE-GALICIA considera que se debe analizar, de xeito urgente, a situación actual do noso sistema educativo e as medidas a adoptar de cara ao curso 2020-2021 como consecuencia do COVID-19. Desde ANPE pensamos que se debe planificar o próximo curso desde tres posibles escenarios:

- FAVORABLE, de “normalidade con medidas de prevención”, no que se incorporen todos os alumnos a clases presenciais en setembro con algunhas medidas sanitarias, de hixiene, organización, diminución de ratios, incremento de profesorado,...
- DE RISCO MEDIO, que implicaría o regreso ás aulas dos alumnos, gardando a distancia social que se determine, extremando as medidas e adaptándoas a medidas de risco controlado .
- DE RISCO EXTREMO, o máis desfavorable sería que ao longo do curso se producira un rebrote do virus, o que podería implicar unha nova suspensión temporal das clases presenciais.

ANPE-GALICIA plantexa un decálogo de propostas para o curso escolar 2020-2021:

1. **A elaboración de protocolos de seguridade sanitaria** exclusivos para o ámbito educativo, por etapas, que inclúa **a regulación específica das condicións de acceso aos centros**, así como a adaptación do uso das áreas comúns —bibliotecas, corredores, patios, comedores escolares, etc.— e **os recursos axeitados en materia de prevención**, coas condicións de seguridade e hixiene máximas, realizados e supervisados por profesionais especializados en Prevención de Riscos.
2. **Un Plan Autonómico de dixitalización educativa**, que garanta unha correcta ensinanza en liña, si a situación así o aconsella, **dotando de soporte informático e conexión gratuíta a todos os alumnos e docentes.**
3. **Un incremento substancial das plantillas** dos centros educativos, que non so permita desdobrar aulas, no caso de ser necesario para manter a distancia de seguridade, senón tamén para apoiar a alumnos e docentes nas tarefas de reforzo de contidos non impartidos durante o terceiro trimestre do presente curso, así como dotar de persoal administrativo a todos os centros, ***afrontando á vez unha drástica redución da inútil burocracia que invade o noso quefacer diario.***
4. **Unha nova regulación normativa para os docentes** en referencia a funcións, xornada, recoñecemento de dereitos e obrigas, no caso de continuidade da alerta sanitaria no curso 2020-2021. Así como unha revisión dos protocolos de actuación que afecten aos colectivos de risco.
5. **A elaboración de directrices básicas de organización de grupos e horarios de alumnos, comúns para todos os centros da mesma etapa, nun escenario de distanciamento social que, respectando a autonomía dos centros, non deixe toda a responsabilidade en mans dos equipos directivos.**
6. **A aplicación de todas as adaptacións curriculares e metodolóxicas necesarias.**
7. **Protocolos e medidas de apoio psicolóxico e emocional para os alumnos, se fosen necesarias, en especial para os de máis curta idade.**
8. **A creación dunha Comisión específica, formada pola Administración educativa, a sanitaria e representantes do profesorado**, para o establecemento, a avaliación e a adaptación á nova realidade.
9. **Eleboración dun plan de formación específico** que permita ol profesorado galego afrontar un curso 20/21 coas mellores garantías metodolóxicas, técnicas e curriculares que permitan afrontar con garantías situacións educativas como as vividas neste último trimestre.

ANPE aposta polo diálogo, a negociación e o acordo, única maneira de avanzar. Fai meses que solicitamos por activa e por pasiva a creación dun grupo de traballo: por escrito, desde a Mesa Sectorial, á propia Conselleira... para tratar estes e outros asuntos, pero a Administración incomprendiblemente resístese a crealo e convocarnos.

A plantilla de docentes de Galicia con 31.000 profesores merécese un trato acorde á relevancia da súa responsabilidade e papel social.

Santiago de Compostela, 08 xullo de 2019